

# PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL IES LUÍS SEOANE

## ÍNDICE:

<b>1.- Introducción.....</b>	<b>Páx.2</b>
<b>2.- Benestar emocional nun contexto de catástrofe global.....</b>	<b>Páx.2</b>
<b>3.- Intervención.....</b>	<b>Páx.2</b>
<b>4.- Proposta didáctica grupal de educación emocional.....</b>	<b>Páx.10</b>
<b>5.- Comisión provincial de seguimento do benestar e convivencia .....</b>	<b>Páx.12</b>
<b>6.-Comisión provincial de seguimento do benestar e convivencia de Pontevedra.....</b>	<b>Páx.12</b>
<b>7.- Coordinador de benestar emocional.....</b>	<b>Páx.13</b>
<b>8.- Lexislación.....</b>	<b>Páx.14</b>
<b>9.- Bibliografía.....</b>	<b>Páx.14</b>

## 1.-INTRODUCCIÓN

### QUE É O BENESTAR EMOCIONAL?

O benestar emocional é un concepto amplo que ten que ver, non só coa experiencia subxectiva de sentirse ben, en harmonía e con tranquilidade, senón tamén coa experiencia persoal de satisfacción por ser quen de afrontar dificultades e superar de xeito positivo ou adaptativo as contrariedades que se presentan na vida cotiá. Segundo a OMS a saúde ou o benestar emocional é un "estado de ánimo no cal a persoa dáse conta das súas propias aptitudes, pode afrontar as presións normais da vida, pode traballar de xeito máis produtivo e pode **facer unha contribución á comunidade**".

O coidado do benestar emocional é o acompañamento que desde a escola debe realizarse para favorecer:

1. A resiliencia.
2. O desenvolvemento das competencias emocionais a través dunha educación emocional:
  - Conciencia emocional.
  - Regulación emocional.
  - Autonomía persoal: Autoxestión persoal como a autoestima, actitude positiva diante da vida, responsabilidade, capacidade para analizar criticamente as normas sociais, capacidade para buscar axuda e recursos, así como a autoeficacia emocional, intelixencia interpersonal...
  - Competencia social.
  - Habilidades de vida e benestar.
3. O desenvolvemento da autoestima, desde o marco da educación ética entendida como os sentimentos de: ser amado incondicionalmente, da **propia eficacia, que implica ser valorado polo noso comportamento e da propia dignidade**.

O desenvolvemento de capacidade de **análise crítico** das situacións que levan a un estado de malestar emocional. Propiciar a reflexión conxunta e animar a participación na comunidade vira a centralidade do problema. Pasa dun asunto persoal (sentimento de culpabilización), a un asunto colectivo.

## 2.-BENESTAR EMOCIONAL NUN CONTEXTO DE CATÁSTROFE GLOBAL

O colexio oficial de psicoloxía de Galicia na súa publicación: PROGRAMA PSICOEDUCATIVO PARA A POST-EMERXENCIA EN CENTROS EDUCATIVOS DE INFANTIL E PRIMARIA especifica as características desta situación e as súas consecuencias na poboación xeral.

## 3.-INTERVENCIÓN:

**Primeira fase:** detección e acompañamento. Temporalización: inicio inmediato e duración en tanto persista a súa necesidade.

**Segunda fase:** fortalecemento da resiliencia e da competencia emocional na comunidade educativa.

### FASE 1: DETECCIÓN E ACOMPAÑAMENTO.

**Obxectivo principal:** detectar situacións de malestar, ansiedade, sufrimento... no conxunto da comunidade educativa e dotar de recursos para o acompañamento e intervención na comunidade educativa.

**Temporalización:** inicio inmediato e duración en tanto persista a súa necesidade.

**Accións:** Profesorado: acompañamento e apoio a través de redes de apoio entre equipos directivos e docentes, creando espazos e tempos virtuais para compartir emocións e propostas.

## **Táboa 1: Decálogo preguntas para pensar conxuntamente e transformar**

1. Como nos sentimos e que aprendemos?
2. O clima de convivencia positiva creado previamente no centro resultou útil?
3. O traballo previo realizado para o desenvolvemento das competencias para convivir resultou de proveito?
4. As experiencias previas en relación ás situacións que alteran a convivencia e a resolución de conflitos resultaron útiles?
5. Como analizamos e valoramos a relación familia-escola?
6. Serviron como apoio e axuda a coordinación e colaboración entre os diferentes membros da comunidade educativa?
7. Serviron como apoio e axuda as canles de coordinación e colaboración co contorno?
8. Como analizamos o noso labor docente?
9. Como analizamos o acceso do alumnado ao currículo e a metodoloxía empregada polo profesorado?
10. Como optimizamos os recursos, os espazos e os tempos?

### **Pistas para reflexionar e transformar**

#### O benestar:

Pensar xuntos e xuntas pode axudarnos a comprender mellor, a expresar os malestares que sentimos e as aprendizaxes que fixemos para adaptarnos.

Inventar, construír e organizar respostas novas e diferentes para a volta é o gran reto diante dunha situación incerta.

O coidado do benestar emocional non supón negar ou facer que desaparezan os malestares propios da vida, da aprendizaxe, das situacións adversas ou do sufrimento.

O coidado do benestar emocional supón aceptar a escola como lugar e tarefa, compartir para comprender e responsabilizarnos.

Convivir deste xeito coas nosas emocións fortalécenos e axúdanos a medrar xuntos favorecendo a autonomía e a solidariedade.

O vínculo social na escola é a ferramenta principal para o coidado do benestar emocional.

<b>COMO NOS SENTIMOS E QUE APRENDEMOS</b>	
PISTAS PARA REFLEXIONAR	PISTAS PARA TRANSFORMAR (escenarios)
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Como convivimos cos malestares sentidos a nivel persoal, do alumnado e das familias? Fortalecéronnos dalgún xeito?</li> <li>• Que experiencias positivas e negativas tivemos sobre o acompañamento emocional entre os membros da nosa comunidade educativa?</li> <li>• Que tipo de apoios, recursos e/ou formación precisamos a este nivel?</li> </ul>	<p>Anticipándonos aos diferentes escenarios: presencial, semipresencial e virtual...</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballando os seguintes aspectos da competencia emocional:             <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Conciencia emocional: como nos sentimos?</li> <li>▪ Regulación emocional: que facemos coa emoción para que sexa adaptativa?</li> <li>▪ Autonomía persoal: somos quen de...?</li> <li>▪ Competencia social: como nos relacionamos cos demais?</li> <li>▪ Competencias para a vida e o benestar: Como afrontamos os desafíos diarios e as situacións excepcionais?</li> </ul> </li> <li>• Organizando tempos e espazos, no funcionamento do centro, para escoitar a toda a comunidade educativa:             <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Facilitando a expresión de emocións para lexitalas e aprender a regularlas.</li> <li>▪ Acompañando na comprensión das situacións que xeran malestar.</li> <li>▪ Impulsando a cooperación e participación para transformar desde a responsabilidade.</li> </ul> </li> <li>• Construindo redes afectivas (entre profesorado, alumnado, familias...) para o acollemento e o apoio do benestar emocional, especialmente cos colectivos máis vulnerables. E organizar un procedemento de acompañamento adaptado a calquera escenario. Información máis ampliada no bloque de redes de apoio.</li> <li>• Reorganizando as dinámicas de traballo tendo en conta os diferentes escenarios:             <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coordinarse e delimitar funcións e responsabilidades.</li> <li>▪ Flexibilizar e delimitar o teletraballo, as tarefas para a casa e as avaliacións de xeito coordinado.</li> </ul> </li> <li>• Establecendo rutinas, referencias espazo-temporais e estratexias para organizar a vida diaria e as tarefas, anticipando os cambios e practicando para os diferentes escenarios.</li> <li>• Identificando indicios de: malestares e risco emocional, illamento e posible acoso ou ciberacoso escolar e propoñer medidas de acompañamento, coidado e participación.</li> <li>• Reforzando a autonomía na expresión e vivencia emocional e nos recursos propios para resolver conflitos e situacións adversas nos diferentes membros da Comunidade Educativa.</li> </ul>

### **Redes de apoio:**

Redes de apoio e acompañamento existentes no IES Luís Seoane, tanto formais como informais:

- Grupo-clase.
- Alumando acompañante.
- Equipo Mediación Escolar.
- Grupo igualdade NEOFEM Luís Seoane
- Comité UNESCO.
- Secretariado Xitano.
- Programa CaixaProinfancia.
- Cáritas...

Protexen socialmente á persoa e diminúen a súa situación de vulnerabilidade. Unha rede está conformada por persoas e as relacións que se establecen entre eles, canto máis forte sexa o vínculo desas relacións, máis forte será a rede.

## Familia-escola

Establecer unha relación familia-centro baseada nos principios de respecto, corresponsabilidade e cooperación na tarefa de educar.

## Profesorado - Titoras/es

Establecer e fortalecer vínculos entre o profesorado que redunden na mellora da calidade educativa e no benestar de docentes e discentes, así como das súas familias.

## Alumnado

Fomentar a participación activa entre iguais para mellorar o benestar e a convivencia no centro a través da asunción de responsabilidades no coidado e atención aos seus iguais.

## Persoal non docente

Participa na responsabilidade do coidado da saúde e do benestar do alumnado.

### SERVIRON COMO APOIO E AXUDA A COORDINACIÓN E COLABORACIÓN ENTRE OS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA NESTA SITUACIÓN EXCEPCIONAL?

Redes de apoio para o profesorado

Pistas para reflexionar	Pistas para transformar (escenarios)
1.- Mantivemos os vínculos cos nosos compañeiros e as nosas compañeiras? Servíronnos de apoio emocional nalgún momento? 2.- A comunicación do Equipo directivo co resto do profesorado foi fluída e conciliadora? Promoveu actuacións conxuntas e organizadas de todo o profesorado? 3.- Houbo comunicación fluída, coordinación, acompañamento e consenso dentro do equipo docente? E dentro do departamento?	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O Acompañamento entre iguais: trátase dun acompañamento emocional que se pode presentar en calquera circunstancia que provoque incerteza, inseguridade ou malestar. Esta relación de acompañamento, baseada no vínculo entre dúas ou máis persoas, establécese coidando un equilibrio entre a competencia emocional e a necesidade emocional dos seus membros.</li> <li>• Parellas de reforzo: consiste en aproveitar as fortalezas que presente o profesorado nunha competencia determinada para acompañar e axudar as persoas docentes que teñan menos dominio desa competencia e a precisen para o desempeño da súa práctica.</li> <li>• Docencia compartida: consiste en abordar a práctica educativa en cooperación con outras persoas docentes no mesmo grupo, pode ser este o caso na intervención das persoas especialistas en pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe; cando se traballe de maneira interdisciplinar conxugando ámbitos ou, en situación de excepcionalidade, unificando actuacións para evitar sobrecargas de tarefas e invasión do espazo familiar.</li> <li>• Apoio específico da xefatura do departamento de orientación.</li> </ul>

## ALUMNADO



**Observación, detección e acompañamento ao noso alumnado:** Como detectar e como chegar a todas e todos, nos diferentes niveis de prevención, determinando as necesidades concretas respecto á súa situación socioemocional para axustar as medidas educativas precisas.

<i>Prevenção Primaria</i>	<i>Prevenção Secundaria</i>	<i>Prevenção Terciaria</i>
<i>Comunidade educativa Escola inclusiva</i>	<i>Alumnado en risco Atención á diversidade</i>	<i>En caso de confinamento Enfoque sociocomunitario</i>
<p><b>Profesorado-titores-DO</b></p> <p><b><i>Detectar necesidades e acompañar</i></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Nivel emocional, aprendizaxe, convivencia e redes apoio (táboa profesorado)</li> <li>• Perfil socioemocional do grupo (táboa)</li> <li>• Posibles malestares (táboa)</li> <li>• Elaboración de dós (proposta)</li> <li>• Situación socio-familiar (pistas)</li> <li>• Actividades co alumnado</li> </ul> <p><b><i>Coordinar</i></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Titor/a - E equipo docente</li> <li>• DO - Titores/as</li> <li>• Titores/as - Familias</li> </ul>	<p><b>Titor/a - Xefatura DO - EOE -servicios sociosanitarios</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Detección e avaliación (táboa malestares)</li> <li>• Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo</li> <li>• Asesoramento EOE ou derivación.</li> <li>• <i>Protocolo absentismo-Comisión absentismo</i></li> <li>• Coordinación cos servizos sociosanitarios</li> <li>• Elaboración de dós (proposta)</li> </ul>	<p><b>Comunidade educativa</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Coidar tempos e tarefas</li> <li>• <i>Plan de ensino virtual</i></li> <li>• <i>Plan de atención para garantir aequidade no ensino virtual</i></li> <li>• Acudir ás redes de apoio</li> <li>• Utilizar recursos para o acompañamento do benestar emocional</li> <li>• Elaboración de dós (proposta)</li> </ul>

### ***Prevenção Primaria***

Dirixida a toda a comunidade educativa, desde a perspectiva da escola inclusiva, onde os responsables deste nivel serían o profesorado, o profesorado titor en colaboración co departamento de orientación para detectar, repensar e coordinar a practica educativa que xere benestar. actuando a nivel de grupo-clase en coordinación co profesorado-titor e o DO.

## Observar na aula para detectar e acompañar:

### TÁBOA PARA O PROFESORADO

QUE OBSERVAR NA AULA?	
TRAZOS EMOCIONAIS	APRENDIZAXE
<p><b>Incerteza:</b> Pensamento dubitativo, condutas compulsivas, perfeccionismo, linguaxe literal, preferencia pola actividade regrada...</p> <p><b>Angustia:</b> Sentimentos de incapacidade, fobia social, fobias específicas, mensaxes de queixa, solicitudes de protección...</p> <p><b>Desesperanza:</b> Tristeza, ansiedade, illamento, apatía, abandono...</p>	<p><b>Nivel competencial actual:</b> Nivel de desenvolvemento curricular, de autonomía no traballo e construción de novas aprendizaxes, implicación e actitude para afrontar os procesos de ensino tanto nun marco presencial como virtual...</p> <p><b>Cohesión de grupo e estado actual:</b> Fortalezas e debilidades en relación á aprendizaxe, posibilidades de construír grupos estables e heteroxéneos de apoio para a aprendizaxe, posibilidade de alumnado que poida dar ou recibir apoio nas aprendizaxes en calquera dos tres escenarios.</p> <p><b>Procesos de autoavaliación:</b> Autoxestión do propio traballo, recoñecemento das propias necesidades e potencialidades no proceso de aprendizaxe, análise do rendemento e do resultado final.</p> <p><b>Barreiras</b> que dificultan o acceso e a participación nas aprendizaxes</p>
CONVIVENCIA	REDES DE APOIO
<p><b>Sentimento de pertenza:</b> respecto á participación e colaboración no centro e na aula.</p> <p>Competencias para <b>manexarse e aprender</b> nas <b>situacións conflitivas e de quebra</b> da convivencia.</p>	<p><b>Prestar axuda:</b> Linguaxe asertiva, empatía, calma, actitude colaborativa, responsabilidade, proactividade.</p> <p><b>Recibir axuda:</b> nivel de autonomía e responsabilidade, tolerancia á frustración, recoñecemento das propias limitacións, amosar agradecemento.</p>



## TÁBOA DE OBSERVACIÓN PARA O PROFESORADO-TITOR MALESTARES

MALESTARES	CONDUTAS QUE SE DEBEN OBSERVAR	PISTAS PARA ACOMPAÑAR
<b>Incerteza</b>	Reaccións desmesuradas ante situacións cambiantes e incertas.	Calma e tacto Acompañamento presencial ata que se interiorice a incerteza
<b>Angustia</b>	Inquietude, desacougo ou síntomas corporais: a face, a inquietude corporal, a respiración. A angustia tende, de seu, a comunicarse, a expresarse como queixa e buscar acubillo nas persoas nas que se confía.	Reforzar o sentimentos de: pertenza á comunidade, acompañamento, aprecio e o de protección e respecto pola identidade propia. Mensaxes claras e sinxelas, encontrarse, escoitar, falar e empatizar.
<b>Desesperanza</b>	Emocións como tristeza, ansiedade, ou períodos de insomnio ou somatizacións derivadas do sufrimento da perda ou enfermidade dun ser querido.	Estar con humanidade, empatía e escoita para atravesar a dor e reforzar a resiliencia. Non infantilizar e si axudar a comprender, entender e facerse cargo do sufrimento. Introducir a ilusión e a posibilidade de facer algo.
<b>Enfrontamento</b>	Confrontación con descortesía, irritabilidade, incumprimento das normas e, nalgúns ocasións, a violencia. Condutas de risco. Transgresións, algunhas delas relacionadas co desafío, a identidade ou a autonomía.	Mirar o enfrontamento como maneira de conxurar o medo e un xeito de pedir un freo, un límite. Escenificacións dun conflito interno. Invulnerabilidade para avanzar cara a autonomía Nomear, delimitar e interpretar o límite (o "non") que precisa para construír identidade
<b>Perdas</b>	Perdas singularizadas: morte dun achegado, as dificultades específicas dunha familia ao respecto do traballo ou da vivenda. Perdas compartidas: aquelas que afectan a todos e todas polo feito de ser cidadáns e cidadás. Perdas colectivas: todas as que supón o virus ou calquera adversidade como ameaza á perda da relación co saber, a aprendizaxe, as amizades, o proxecto vital, a ocupación...	Para as perdas singularizadas: acollemento, a empatía e o apoio son as vías para evitar unhavivencia de dor non comunicable e non compartible que traza unha fenda con respecto aos demais. Para as perdas compartidas: encontros grupais e compartir experiencias na escola como lugar para traballar o dó e como lugar de pertenza onde os iguais poden acompañarse. Atención a condicións de desigualdade que converten unha perda compartida nunha perda individual, para non patoloxizar. Para as perdas colectivas: tarefas da escola para o benestar e o afrontamento desde o terreo do organizativo.

## Recollida da información a nivel titorial para detectar e acompañar

1. Información do profesorado e dos malestares observados cos instrumentos propostos.
2. Información das familias

### PISTAS PARA AS ENTREVISTAS COAS FAMILIAS

- **Interesarse por como se atopan**
- **Coñecer as necesidades do ámbito familiar**
  - cuestións de organización familiar (membros illados, cambio de domicilio...)
  - cuestións de saúde
  - cuestións laborais e/ou económicas
- **Coñecer o desenvolvemento do proceso de ensino na casa**
  - Disposición de recursos e ferramentas didácticas necesarias (tecnolóxicas e tradicionais, conexión a internet...)
  - Organización de rutinas e hábitos diarios de sono, aseo, alimentación etempo libre
- **Motivación e disposición para o traballo**
  - Mostra de interese, formulación de dúbidas, contacto fluído co profesorado, entrega de traballos en tempo e forma correcta...
  - Organización do traballo diario: se o alumno ou alumna traballaba só ou soa, se tiña que compartir ferramentas...
- **Coñecer o estado anímico e emocional do neno ou da nena durante a crise**
  - Alteracións do humor, sono, alimentación, ansiedade, medos...
  - Illamento dos compañeiros ou compañeiras e/ou no seo familiar
  - Apatía, desmotivación
  - Aparición de condutas de dependencia (móbil videoxogos, pantallas...)
- **Fortalezas adquiridas durante este período**
  - Repercusións positivas xeradas durante esta situación que fortalecesen ou mellorasen o ámbito familiar e repercuten positivamente no alumno ou na alumna
- **Dificultades ou barreiras xurdidas**
  - Aspectos que afectaron ao alumnado no seu proceso de aprendizaxe e non sepuideron resolver
- **Como valoran o apoio recibido desde o centro, que se fixo ben?**
- **Que podería mellorar para futuras situacións**

### 3. Perfil socioemocional

NIVEL:		GRUPO:			
<b>DETECTANDO NECESIDADES SEGUNDO:</b> - Clima de aula nivel de: bo trato, asertividade, planificación e rendemento e participación - Nivel de cohesión e pertenza ao grupo   Consenso e respecto polas normas   Roles e liderados - Outras <b>PARA DECIDIR:</b> a. A proposta didáctica grupal de educación emocional necesaria* b. A intervención individual necesaria					
Alumno/a	Adaptación e medidas acordadas	Situación socioemocional segundo a situación sanitarioado momento	Observacións do Equipo Docente	Información da familia	Tomas de decisións
Nome do/a alumno/a					
Nome do/a alumno/a					
Nome do/a alumno/a					
...					
...					
...					

## 4.-PROPOSTA DIDÁCTICA GRUPAL DE EDUCACIÓN EMOCIONAL

Se o equipo docente considera que a evolución da pandemia está a causar malestar no alumnado, para restablecer o seu benestar emocional. As propostas deseñadas organízanse arredor de catro eixes:

### CONECTA

Favorece a creación de espazos de comunicación e escoita, así como a identificación das emocións propias e alleas sentidas e vividas durante este período de pandemia global:

- Mochila dos recordos.
- Baleirando petos.
- Detective de emocións.
- Orelas de elefante.
- Superpoder.
- O poder da música.

### RESPECTA

Está dirixido a tomar conciencia dos novos cambios nos hábitos e relacións sociais tendo en conta as normas hixiénico-sanitarias.

- Cambiamos tocarnos por mirarnos.
- Bicos de lapis. Bicos de picas.
- En equipo, máis fortes.
- Planeta perfecto.
- Fabulaforum.
- Xogos reunidos.

### REGULA

Desenvolve aspectos relacionados coa regulación emocional e o afrontamento dos conflitos para aprender a tolerar a frustración e evitar situacións de estrés.

- A caixa de urxencias emocional.
- Un paseo relaxante.
- Tece palabras.
- Faltoume o que tiña, ou non?
- A cesta máxica.
- Bandeiras do Himalaia.

### VIVE

Fomenta actitudes positivas, sentimentos de gratitude e solidariedade co fin de desenvolver pensamentos positivos, recoñecer o esforzo e xerar un beneficio común.

- Pechando os ollos.
- Adiviña quen.
- Cada ovella coa súa parella.
- Tempo compartido.
- Olimpo.
- Receita da felicidade.

### A Elaboración de dós diante das perdas no contexto educativo

As comunidades deben contribuír á aceptación da dor e a posta en marcha dos mecanismos de alivio. Fases do dó (Parkes, 1998):

- Shock (tarefa de aceptar a realidade)
- Protesta (esforzos por manter as rutinas do perdido).
- Desesperanza (conduta desorganizada con indefensión ou depresión).
- Reorganización (reestablecemento de novas relacións).

**Proceso:**



**Detección e avaliación do alumnado en risco**

MALESTARES	CONDUTAS QUE SE DEBEN OBSERVAR
Incerteza	Síntomas obsesivos: pensamentos dubitativos e compulsións // Crises por algo que se sae do establecido.
Angustia	Dificultades para achar alivio na palabra e no contacto e para expresar o que senten. Intranquilidade da angustia que tende a estar fóra da linguaxe e das persoas.
Desesperanza	Tristura que semella adherida á desesperanza (a mirada e o corpo sen presenza...).
Enfrontamento	Repetición, consecuencias negativas e petición máis aló do normativo e educativo
Perdas	Casos de dó complicado.

**Instrumentos**

- Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil.
- Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
- Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar,
- Asesoramento e/ou derivación ao EOE.
- Derivación aos servizos sociosanitarios.

**FASE 2: FORTALECEMENTO DA RESILIENCIA E DA COMPETENCIA EMOCIONAL NA COMUNIDADE EDUCATIVA.**

- Participación do profesorado do IES Luís Seoane nun Plan Proxecta recibindo formación de dinámicas de grupo e traballando co seu alumnado:
  - o Dinámicas de grupo.
  - o Autoestima e autoconceito.
  - o Igualdade de xénero.
  - o Convivencia e Mediación escolar.
  - o ...
- Formación sobre o benestar emocional do profesorado.

## 5.- COMISIÓN PROVINCIAL DE SEGUIMIENTO DO BENESTAR E CONVIVENCIA

Pola ORDE do 19 de outubro de 2022 pola que se crean as comisións provinciais e a Comisión autonómica de seguimento do benestar e a convivencia nos centros educativos sostidos con fondos públicos.

### Artigo 1. *Obxecto*

O obxectivo prioritario de coñecer aqueles casos que excedan as capacidades de actuación dos centros educativos por si mesmos ou cando a problemática implique a comunidade educativa como parte interesada.

As comisións achegarán pautas de actuación encamiñadas a restablecer o benestar psicosocial e emocional das persoas afectadas no nivel educativo, logo de analizadas as circunstancias concorrentes tanto educativas como familiares, sanitarias e socioemocionais.

### Artigo 2. *Principios de actuación*

1. Na súa actuación as comisións de seguimento sempre primarán o interese superior do menor de modo que sexa valorado e considerado como primordial en todas as accións e decisións que lle atinxan, que se protexan os seus dereitos fundamentais e a satisfacción das súas necesidades básicas e, de xeito explícito, o dereito á educación básica.

2. Na valoración dos casos adoptarase unha visión integral das circunstancias concorrentes baseada nas evidencias achegadas, ponderando os dereitos e liberdades, así como os deberes e obrigas de toda a comunidade educativa.

3. As comisións de seguimento poderán actuar ante casuísticas concretas ou de modo proactivo para a mellora do benestar no seu ámbito de actuación. Para tal efecto, poderán recoller información, analizar boas prácticas e propoñer accións tanto preventivas como restaurativas.

### Artigo 3. *Funcións das comisións provinciais de seguimento*

1. As comisións provinciais de seguimento valorarán os casos de sufrimento psicosocial, entendendo por tales os derivados polas xefaturas territoriais con competencias en materia de educación, por proposta dos centros educativos. Para seren remitidos, os casos deben ter esgotado as vías ordinarias de resolución no marco do propio centro, logo de seren tramitados os correspondentes protocolos, de ser o caso, e co informe previo da Inspección educativa.

2. Para determinar os casos que, excepcionalmente, deben ser elevados ás comisións provinciais de seguimento valorarase a situación particular dos membros da comunidade educativa implicados, en especial dos/das menores, ponderando a súa situación de saúde e social, así como a da súa contorna.

3. As comisións provinciais de seguimento elaborarán ditames en relación cos casos derivados polas xefaturas territoriais con competencias en materia de educación. Estes ditames serán, en todo caso, motivados e terán o carácter de facultativos e vinculantes para os centros educativos adoptaren as medidas que resulten axeitadas aos ditos casos.

## 6.-COMISIÓN PROVINCIAL DE SEGUIMIENTO DO BENESTAR E CONVIVENCIA DE PONTEVEDRA

O día 22 de novembro de 2022 quedou constituída a comisión provincial de Pontevedra.

De xeito especial para seren remitidos os casos deben ter esgotadas as vías ordinarias de resolución no marco do propio centro, logo serán tramitados os correspondentes protocolos, de ser o caso. Todo iso será recollido nun informe da dirección no centro que conterá como anexos cantos documentos sexan precisos.

A Inspección educativa responsable do centro velará polo cumprimento das condicións establecidas na normativa de referencia, así como o asesoramento dos casos comprendidos no ámbito da comisión.

A Inspección educativa, á vista do comunicado polo centro, elaborará un informe no que se valorará a situación do alumnado, propoñendo criterios de actuación para desenvolver as medidas axeitadas. Asemade recollerá, de ser o caso, as achegas do EOE.

Os ditames elaborados pola comisión serán motivados e terán o carácter vinculante para que os centros educativos adopten as medidas que resulten axeitadas aos casos tratados.

Despois da aplicación, de ser o caso, das medidas propostas a Inspección educativa fará un seguimento, do que informará á comisión.

## 7.- COORDINADOR DE BENESTAR EMOCIONAL

O coordinador ou a coordinadora de benestar e protección é unha nova figura que todo centro debe ter e que está orientada á prevención, detección e protección dos nenos e adolescentes fronte a casos de violencia e acoso na contorna escolar. Este novo rol foi introducido na nova Lei de Educación (LOMLOE), e na Lei de Protección da Infancia (LOPIVI).

A figura do coordinador ou coordinadora de benestar e protección foi introducida a pedimento do Ministerio de Xustiza, en 2018, no anteproxecto de lei dada a eficacia que este profesional había vindo mostrando noutros sistemas educativos da nosa contorna, tanto para aumentar o benestar dos nenos, nenas e adolescentes, como para protexer aos responsables dos centros educativos das consecuencias civís e penais derivadas do exercicio das súas responsabilidades #ante determinado tipo de situacións. Diferentes sistemas educativos europeos, pero de maneira especial o inglés, contan desde hai tempo coa figura dun profesional de salvagarda infantil "saveguarding" que é o encargado de garantir a protección de todos e cada un dos estudantes do centro. En termos xerais e coas diferenzas propias de cada sistema educativo e as que imprime cada centro no desenvolvemento dos procedementos que aseguran o seu adecuado funcionamento as políticas de salvagarda infantil están baseadas nos seguintes

### **principios:**

1. A protección de nenos, nenas e adolescentes
2. A promoción do bo trato
3. A existencia de protocolos que regulen os diferentes tipos de actividades que se realizan no centro, tanto a nivel interno como externo
4. A contratación de persoal, docente e de apoio, baseada nun procedemento seguro
5. A prevención, detección precoz e intervención ante comportamentos que supoñan un risco
6. O uso seguro das tecnoloxías da relación, información e comunicación (TRICs)
7. A seguridade nas instalacións.

Que funcións debe desempeñar o coordinador ou coordinadora de benestar e protección?

O "artigo 35" da LOPIVI establece que as **funcións** do coordinador ou coordinadora de benestar e protección deben ser, polo menos, as seguintes:

1. Promover plans de formación sobre prevención, detección precoz, protección dos nenos, nenas e adolescentes, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros como ao alumnado. Priorizaranse os plans de formación dirixidos ao persoal do centro que exercen de titores, así como aqueles dirixidos ao alumnado destinados á adquisición por estes de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia. Así mesmo, en coordinación coas Asociacións de Nais e Pais de Alumnos, deberá promover dita formación entre os proxenitores, e quen exerza funcións de tutela, garda ou acollemento.
2. Coordinar, de acordo con os protocolos que aproben as administracións educativas, os casos que requiran de intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo informar as autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.
3. Identificarse ante os alumnos e alumnas, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como referente principal para as comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.
4. Promover medidas que aseguren o máximo benestar para os nenos, nenas e adolescentes, así como a cultura do bo trato aos mesmos.
5. Fomentar entre o persoal do centro e o alumnado a utilización de métodos alternativos de resolución pacífica de conflitos.
6. Informar o persoal do centro sobre os protocolos en materia de prevención e protección de calquera forma de violencia existentes na súa localidade ou comunidade autónoma.
7. Fomentar o respecto aos alumnos e alumnas con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
8. Coordinar coa dirección do centro educativo o plan de convivencia .
9. Promover, naquelas situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.
10. Promover, naquelas situacións que poidan implicar un tratamento ilícito de datos de carácter persoal das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás Axencias de Protección de Datos.

11. Fomentar que no centro educativo leva a cabo unha alimentación saudable e nutritiva que permita aos nenos, nenas e adolescentes, en especial aos máis vulnerables, levar unha dieta equilibrada.

### A Prevención

A prevención é un elemento fundamental do éxito das actuacións que esta figura leve a cabo nos centros educativos. Por iso resulta esencial que todos e cada un das e os integrantes da comunidade escolar estean sensibilizados respecto á necesidade de protexer aos nenos, nenas e adolescentes de todo tipo de violencia contra eles, tanto se esta prodúcese no centro educativo coma se ten a súa orixe fóra del. Así como das graves consecuencias que ditas situacións teñen sobre o desenvolvemento infantil e adolescente a todos os niveis: problemas afectivos, sociais, emocionais, de atención, concentración, rendemento escolar, etc. (Arruabarrena, 2011; Save the Children 2018 e 2019).

### Formación

Ao coordinador ou coordinadora de benestar e protección correspóndelle promover plans de formación sobre prevención, detección e protección dos nenos, nenas e adolescentes, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros como ao propio alumnado.

### Detección

A detección nas primeiras fases nas que se produce o problema é outra das funcións do coordinador ou coordinadora de benestar e protección. Dunha adecuada e temperá detección vai depender que se dispoñan as medidas adecuadas para a protección dese menor, así como evitar que a situación de violencia sígase producindo coas consecuencias que iso conleva.

### Intervención

O coordinador ou coordinadora de benestar e protección é a persoa encargada de construír un armazón de colaboracións que garantan que o centro educativo é unha contorna protectora. Dita rede componse tanto de elementos internos ao centro, como doutros que son alleos a el, no que participan diferentes ámbitos que tamén están implicado na protección dos nenos, nenas e adolescentes.

## **8.- LEXISLACIÓN**

- Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.
- ORDE do 19 de outubro de 2022 pola que se crean as comisións provinciais e a Comisión autonómica de seguimento do benestar e a convivencia nos centros educativos sostidos con fondos públicos.

## **9.- BIBLIOGRAFÍA**

- Guía de salud y desarrollo personal de la adolescencia publicado polo Goberno de Navarra.
- Abre tu mente en positivo. Guía para docentes y familias para la promoción de la salud mental en jóvenes . Javier Morales Ortiz; Sandra Muñoz Martínez; Susana Pérez Sánchez. Asociación de Salud Mental de Molina y Comarca.2019.
- Coordinador o coordinadora de Bienestar y Protección en la Comunidad Escolar. Edición 2022. Ministerio de Educación y Formación Profesional. Secretaría de Estado de Educación, Dirección General de Evaluación y Cooperación Territorial; Subdirección General de Cooperación Territorial e Innovación Educativa - SGCTIE-.
- BISQUERRA ALZINA, Rafael. Educación emocional: 10 ideas clave. Barcelona: Graó, 2016. ISBN 978-84-9980-713-3.
- BISQUERRA ALZINA, Rafael y Giselle LAYMUNS Diccionario de emociones y fenómenos afectivos. Valencia: PalauGea Comunicación, 2016 . ISBN 978-84-944002-3-0.
- BRACKETT, Marc. A, Janet P. KREMENITZER, y Marvin MAURER. Creating emotionally literate classrooms: an introduction to the RULER approach to social and emotional learning. Port Chester, N.Y.: Dude Pub, 2011. ISBN 978-1-934032-18-3.
- CABELLO GONZÁLEZ, ROSARIO, et al. Programa Intemo+202f: Mejorar la inteligencia emocional de los adolescentes. Madrid: Pirámide, 2016. ISBN 978-84-368-3490-1.

- CASTELLANOS, Luis, Diana YOLDI, y José Luis HIDALGO. La ciencia del lenguaje positivo: cómo nos cambian las palabras que elegimos. Barcelona: Paidós, 2016. ISBN 978-84-493-3195-4.
- DAMASIO, Antonio R. En busca de Spinoza: neurobiología de la emoción y los sentimientos. Barcelona: Booket, 2014. ISBN 978-84-233-4615-8.
- EKMAN, Paul. ¿Qué dice ese gesto? Barcelona: RBA202f: Integral, 2004. ISBN 978-84-7871-202-1.
- ESTÉVEZ CASELLAS, Cordelia. Inteligencia emocional: programa para niños y niñas de 6 a 11 años. Madrid: CCS, 2015. ISBN 978-84-9023-272-9.
- EXTREMERA PACHECO, Natalio y Pablo FERNÁNDEZ BERROCAL. Inteligencia emocional y educación: Psicología. [en línea]. Primento Digital Publishing, 2016. ISBN 978-84-944821-2-0.
- GARCÍA FERNÁNDEZ ABASCAL, Enrique. Disfrutar de las emociones positivas. Madrid: Grupo 5, 2015. ISBN 978-84-943980-2-5.
- GIMÉNEZ DASÍ, Marta, Laura QUINTANILLA COBIÁN y Lina. y ARIAS VEGA. Pensando las emociones con atención plena: programa de intervención para Educación Primaria. Madrid: Pirámide, 2016. ISBN 978-84-368-3579-3.
- MAGANTO MATEO, Carmen y Juana María MAGANTO MATEO. Cómo potenciar las emociones positivas: y afrontar las negativas. Madrid: Pirámide, 2011. ISBN 978-84-368-2368-4.
- MONTOYA CASTILLA, Inma y Silvia POSTIGO ZEGARRA. Programa Predema: programa de educación emocional para adolescentes de la emoción al sentido202f: de la emoción al sentido. Madrid: Pirámide, 2016. ISBN 978-84-368-3592-2.
- MONTOYA-CASTILLA, Inmaculada. II Jornadas internacionales Educando en emociones bienestar y adolescencia: compilación de trabajadores presentado [linean = en línea]. Valencia: Universidad de Valencia, 2016 [kontsulta = consulta: 2016/04/20]. ISBN 978-84-617-5731-2. Interneten = Disponible en: <http://www.educandoenemocionesenlaadolescencia.com/>
- MORGADO BERNAL, Ignacio. Emociones e inteligencia social: las claves para una alianza entre los sentimientos y la razón. Barcelona: Editorial Ariel, 2007. ISBN 978-84-344-5307-4.
- MUÑOZ EXPÓSITO, Juan Pablo. Programa de intervención para la mejora de las habilidades sociales y la inteligencia emocional en alumnos con discapacidad intelectual leve. Úbeda, Jaén: Didacbook, 2015. ISBN 978-84-15969-56-3.
- NAVARRO, Tomás. Fortaleza emocional: toma distancia, piensa diferente y atrévete a actuar para adaptarte a los cambios. Barcelona: Planeta: Zenith, 2015. ISBN 978-84-08-13967-6.
- PUNSET, Elsa. El llibre de les petites revolucions. Barcelona: Columna, 2016. ISBN 978-84-664-2062-4.
- SALMURRI, Ferrán. Razón y emoción: recursos para aprender y enseñar a pensar. Barcelona: RBA, 2015. ISBN 978-84-9056-407-3.
- SÁNCHEZ MARTÍNEZ, Juan Pedro. La palanca del éxito: activa tu inteligencia emocional y relánzate. Madrid: Kolima, 2016. ISBN 978-84-16364-65-7.
- SIEGEL, Daniel J. y Tina PAINE BRYSON. El cerebro del niño: 12 estrategias revolucionarias para cultivar la mente en desarrollo de tu hijo. Barcelona: Alba, 2012. ISBN 978-84-8428-714-8.
- SOLER NAGES, José Luis, et al. (coord.) Inteligencia Emocional y Bienestar II: reflexiones, experiencias profesionales e investigaciones. Zaragoza: Ediciones Universidad de San Jorge, 2016. ISBN 978-84-608-4847-9.
- VALLÉS ARÁNDIGA, Antonio. Psicopedagogía de la inteligencia emocional. La Guardia de Jaén: Formación Continuada Logoss, 2016. ISBN 978-84-15764-63-2.

#### Artigos de revistas e libros

- AGUAYO-MUELA, Álvaro del Carmen y María del Carmen AGUILAR-LUZÓN. **Principales resultados de investigación sobre inteligencia emocional en docentes españoles.** *ReiDoCrea: Revista electrónica de investigación Docencia Creativa* [linean = en línea]. Granada: Universidad de Granada, 2017. ISSN 2254-5883.
- AZPIAZU, Lorea, Igor ESNAOLA ETXANIZ y Marta SARASA. **Capacidad predictiva del apoyo social en la inteligencia emocional de adolescentes.** *European journal of education and psychology* [linean = en línea]. Almería: CENFINIT, 2015. ISSN 1888-8992.
- BARRAGÁN ESTRADA, Ahmad Ramsés y Cinthya Itzel MORALES MARTÍNEZ. **Psicología de las emociones positivas: Generalidades y beneficios.** *Enseñanza e investigación en Psicología.*



- BISQUERRA ALZINA, Rafael. **Educación emocional y competencias básicas para la vida**. *Revista de Investigación Educativa* Barcelona: Promoción y Publicaciones Universitarias, 2003. ISSN 0212-4068.
- BODY, LAWRENCE, et al. **Desarrollo de la Inteligencia Emocional a través del programa mindfulness para regular emociones (PINEP) en el profesorado**. *Revista Interuniversitaria de Formación del Profesorado*. Valladolid: Asociación Universitaria de Formación del Profesorado, 2016, ISSN 2530-3791.
- CEJUDO, Javier. y Sebastián LATORRES. **Efectos del videojuego Spock sobre la mejora de la inteligencia emocional en adolescentes**. *Electronic Journal of Research in Educational Psychology* Almería: CENFINIT, 2015 ISSN 1696 - 2095.
- EXTREMERA PACHECO, Natalio, Lourdes REY PEÑA y Mario PENA GARRIDO. **Educadores de corazón. Inteligencia emocional como elemento clave en la labor docente**. *Padres y Maestros / Journal of Parents and Teachers* Madrid: Universidad Pontificia Comillas, 2016. ISSN 2255-1042
- GARCÍA CISNEROS, L., 2016. **Estudio sobre la inteligencia emocional y sus repercusiones en el rendimiento académico**. *Publicaciones Didácticas. Revista Profesional de Docencia y Recursos Didácticos*. Isla Cristina, Huelva: Publicaciones didácticas, 2016. ISSN 1989-7073.
- GARCÍA SANCHO, Esperanza, E.A. VASQUEZ, y Pablo FERNÁNDEZ BERROCAL. **Inteligencia emocional y agresión desplazada tras la inducción de ira en una tarea experimental**. VIII Congreso Internacional y XIII Congreso Nacional de Psicología Clínica [linea = en línea]. Granada: Universidad de Granada, 2015
- GONZÁLEZ-CABRERA, Joaquín, Carlota PÉREZ-SANCHO y Esther CALVETE. **Diseño y validación de la Escala de Inteligencia Emocional en Internet para adolescentes**. Granada: AEPC, 2016
- LÓPEZ BERNAD, Laura. **Inteligencia emocional percibida, motivación de logro y rendimiento escolar en estudiantes de conservatorio de música**. *Revista Electrónica de Música en la Educación* .Logroño: Universidad de la Rioja, Departamento de Expresión Artística, 2017
- MACHADO ARENÓS, Cristina María. **La importancia de la inteligencia emocional en la expresión y comunicación de las emociones**. En J. Clares López y W. I. Ángel Benavides (Coord.), *Expresión y comunicación emocional: prevención de dificultades socioeducativas: actas del I Congreso Internacional de Expresión y Comunicación Emocional* (p. 135-145). Sevilla: Universidad de Sevilla, 2015. ISBN 978-84-608-2436-7
- MANRIQUE SOLANA, Rafael. **La cuestión de la inteligencia emocional**. *Revista de la Asociación Española de Neuropsiquiatría* . Madrid: Asociación Española de Neuropsiquiatría, 2015, ISSN 2340-2733
- MARTORELL, CARMEN, et. al, 2015. **Convivencia e inteligencia emocional en niños en edad escolar**. *European Journal of Education and Psychology* . Almería: CENFINIT, 2015. ISSN 1989-2209
- PÉREZ-ESCODA, Nuria y Nuria GARCÍA-AGUILAR. **Competències emocionals i eleccions ocupacionais. Implicacions per a l'orientació professional dels adolescents / Compétences émotionnelles et choix d'emploi. Implications pour l'orientation professionnelle des adolescents**. *Temps d'Educació*, 2016. ISSN 2014-7627.
- PRADO, Cejudo y Manuel JAVIER. **Relación entre Inteligencia Emocional y salud mental en Orientadores Educativos**. *Electronic Journal of Research in Educational Psychology* . Almería: CENFINIT, 2016. ISSN 1996-2095.
- RAMOS-DÍAZ, Estibaliz. Et al., 2017. **Entrenamiento de la inteligencia emocional en el caso de una adolescente víctima de maltrato infantil**. *Revista de Psicología Clínica con Niños y Adolescentes* .Elche, Alicante: Grupo de Investigación Análisis, Intervención y Terapia Aplicada con Niños y Adolescentes, Universidad Miguel Hernández, 2017. ISSN 2340-8340.
- RUIZ BALLESTEROS, Desirée. **Mindfulness e Inteligencia Emocional**. En *Psicología y Educación: Presente y Futuro* . Alicante: Asociación Científica de Psicología y Educación (ACIPE), 2016. ISBN 978-84-608-8714-0.
- RUVALCABA ROMERO, Norma Alicia, Patricia MURRIETA CUMMINGS y Alejandra ARTEAGA VELÁZQUEZ. **Competencias socioemocionales y percepción de la comunidad ante la conducta agresiva en adolescentes que viven en entornos de riesgo**. *Acción psicológica* -

Madrid: Servicio de Psicología Aplicada, Facultad de Psicología, Universidad Nacional de Educación a Distancia, 2016. ISSN 1578-908X.

- SALGUERO, JOSÉ M., et al. **Inteligencia emocional y ajuste psicosocial en la adolescencia: El papel de la percepción emocional**. *European Journal of Education and*. Almeria: CENFINIT, 2015. ISSN 1989-2209.
- VALLÉS ARANDIGA, Antonio. [Propuestas emocionales para la convivencia escolar. El programa Piece](#). En: *Bullying: opiniones reunidas*. Perú: Observatorio sobre la Violencia y la convivencia en la Escuela, 2013.

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 19 de maio de 2023

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 26 de maio de 2023